

PROXECTO DE DECRETO de suspensión da vixencia de determinados artigos do Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, foi modificado polo Decreto 60/2019, do 23 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia do 10 de xuño de 2019.

A complexidade técnica da implantación do sistema de citacións electrónicas aconsellan pospoñer a entrada en vigor dos artigos 14 e 16 do Decreto 60/2019, do 23 de maio, para garantir o funcionamento pleno do novo sistema.

Na súa virtude, visto na Mesa Xeral de Negociación e co informe da Comisión de Persoal, por proposta do conselleiro de Facenda, e de acordo co Consello Consultivo de Galicia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do de de dous mil dezanove,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio*

de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia

O parágrafo segundo da disposición derradeira terceira do Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, queda redactado como segue:

«Non obstante, na súa nova redacción, o artigo 5.1 entrará en vigor o 1 de xuño de 2020 e os artigos 14 e 16 entrarán en vigor na data que expresamente se determine por orde da persoa titular da consellería competente en materia de función pública, unha vez quede garantida a viabilidade técnica do sistema de citacións electrónicas, manténdose ata entón a vixencia dos referidos artigos na súa redacción anterior»

Disposición derradeira única.- Entrada en vigor.

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, de de 2019.